

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO E A S.A.M.I. CATEDRAL DE SANTIAGO PARA O APOIO E REFORZO DA SEGURIDADE NO COMPLEXO CATEDRALICIO E NA CASA DO DEÁN

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2026

Reunidos

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), modificado polo Decreto 16/2025, de 10 de marzo (DOG núm. 51, do 14 de marzo), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D., en calidade de Director Xeral da **Fundación Catedral de Santiago**, segundo nomeamento efectuado en data 15 de abril de 2011, elevado a público ante o notario D., protocolo nº, de data 10 de maio de 2011 e en calidade de Apoderado Xeral da **S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela**, en virtude escritura de Poder outorgada ante o notario D., protocolo nº, de data 27 de abril de 2015.

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade da Xunta de Galicia

á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Fundación Catedral Santiago ten entre os seus fins, a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural, así como a xestión, explotación e posta en valor das infraestruturas da Catedral de Santiago, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural.

Terceiro.- Que a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela é un singular monumento, que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converten nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular dos bens incorporados á lista do Patrimonio mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago do que é meta e obxectivo final de peregrinación. A S.A.M.I. Catedral é un templo de culto católico sito en Santiago de Compostela, que acolle no sepulcro do Apóstolo Santiago, motivo polo cal é un dos principais destinos de peregrinación de Europa.

A estes efectos a S.A.M.I. Catedral de Santiago ten subscrito un convenio coa Fundación Carretas, en virtude do cal aquela asume a xestión dos usos do antigo asilo da rúa Carretas como Centro internacional de acollida aos peregrinos, o cal depende directamente da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela.

Cuarto.- Que a consideración dos anos 2021 e 2022 como Anos Santos, converteu ao Xacobeo 2021-22 nun acontecemento excepcional e de transcendencia global que produciu unha afluencia peregrina moi importante, ligada ao espírito e á celebración do Xacobeo, o que implicou a

necesidade de reforzar o persoal de seguridade no Complexo Catedralicio (Templo e Oficina de Atención ao Peregrino), onde se preveu unha maior concentración de persoas.

As cifras de peregrinos chegados a Santiago nos meses estivais reforza a proxección internacional do Camiño de Santiago e a celebración dos vindeiros Anos Santos no 2027 e 2032 nun prazo de apenas once anos deben servir para promocionar Galicia e, por un lado, incitar ás persoas que peregrinan a prolongar a súa estadía ou regresar nun futuro como turistas, e, por outra parte, inducir a turistas a volver a Galicia peregrinando.

Os datos estatísticos avalan que a afluencia de peregrinos medra en todas as rutas e, debido a grande afluencia que está a haber de peregrinos a Santiago de Compostela, faise preciso seguir co proxecto de contratación de persoal de seguridade iniciado no ano 2021, no complexo Catedralicio para axilizar a atención aos mesmos e evitar aglomeracións, ampliando os horarios de funcionamento.

Quinto.- O 17 de abril de 2026 asinou un convenio de cesión de uso do inmovible denominado "Casa do Deán" para o seu uso como oficina de turismo da Xunta de Galicia. Entre os compromisos que adquire a Axencia de Turismo de Galicia están correr cos gastos de conservación, mantemento e funcionamento do local indicado, os seguros necesarios para cubrir os gastos a terceiros e os danos materiais que se podan ocasionar na oficina, dispoñendo ao mesmo tempo do persoal necesario para a súa atención, así como cos gastos de mantemento, control de accesos e limpeza da zona de paso do patio do inmovible e dos aseos.

Sexto.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 inclúe na súa misión 1: "Galicia, destino auténtico e diferencial" a medida 1.2 Xacobeo 2027. O Ano Santo é un feito de gran relevancia non só para o turismo galego, senón para todo o territorio. O Xacobeo 2027 debe ser unha celebración que achegue a experiencia e a riqueza do Camiño á poboación residente e que logre fomentar o sentimento de orgullo e pertenza entre esta. Garantir a accesibilidade e a seguridade no Camiño forma parte das prioridades para este ano santo. Tamén reforzar a acollida como un dos principais valores do Xacobeo, revitalizar os atributos máis auténticos da peregrinación e afondar no diálogo con todos os actores que interveñen no fenómeno das peregrinacións.

Sétimo.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela son as únicas entidades que poden realizar as actuacións deste Convenio, así mesmo teñen a competencia exclusiva no funcionamento da oficina do peregrino e expedición da Compostela e da Catedral, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, mediante a concesión directa dunha subvención destinada ao apoio e reforzo do persoal de seguridade necesario no Complexo Catedralicio (templo e oficina de atención ao peregrino) e na Casa do Deán.

A actuación de reforzo do persoal de seguridade no templo da Catedral e na Casa do Deán será executada pola Fundación Catedral de Santiago e o reforzo do persoal de seguridade na Oficina de atención ao Peregrino será executada pola S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, en ambos casos, mediante empresas de seguridade privada.

SEGUNDA.- ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E GASTOS SUBVENCIONABLES

O orzamento estimado para a execución das actuacións previstas neste convenio ascende a 1.256.838,09 €, que se distribúen do seguinte xeito:

BENEFICIARIO	CONCEPTO	IMPORTE
Fundación Catedral de Santiago	Servizo de vixiantes de seguridade na Basílica	609.509,50€
	Servizo de auxiliares na Basílica	278.857,81€
	Servizo de vixiante de seguridade Casa do Deán	55.698,38 €
S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela	Servizo de vixiantes de seguridade na Oficina de atención ao Peregrino	136.954,56 €
	Servizo de auxiliares na Oficina de atención ao Peregrino	175.817,84€
Total		1.256.838,09 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actuacións que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.481.0, proxecto 2015 00006 "Promoción e Potenciación do Turismo" cunha achega de 1.136.965,96 € (90,46%) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento das subvencións a favor das entidades, unha vez que estas presenten a documentación xustificativa establecida na cláusula sétima e se comprobén as axeitadas xustificacións, sen prexuízo do establecido na cláusula oitava.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2026**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por esta mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1) A Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago obríganse a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio e o cumprimento da súa finalidade.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>.

- Achegar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
 - Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
 - Presentar, antes da sinatura deste convenio, os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
 - As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño que resulten aplicables.
- 2) A Axencia de Turismo de Galicia obrígase a realizar as achegas económicas establecidas na cláusula segunda, como concesión directa de subvención á Fundación Catedral de Santiago e á S.A.M.I. Catedral de Santiago para a realización das actuacións previstas neste convenio de colaboración.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 53.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Axencia deberá remitir electronicamente este convenio ó Consello de Contas por superar os compromisos económicos asumidos a cantidade de 600.000 euros.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a **modalidade de conta xustificativa**, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, para o que a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela deberán presentar para as actuacións que lles corresponden executar a cada unha delas:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que contará con:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - e) De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que ou gasto houbérase realizado con anterioridade á solicitude da subvención.
 - f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.
2. Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e as marcas Xacobeo 2027 e Galicia Calidade.
3. Deberán indicarse os números de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos a esas contas.

4. As entidade tamén deberán presentar os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, comprobará a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das subvencións e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo das verificacións realizadas e tramitará os pagamentos correspondentes.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación precisa que veña establecida na normativa reguladora de subvencións en relación coa xustificación do convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **14 de decembro de 2026**.

A documentación correspondente ás xustificacións presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

7. Se os investimentos xustificados fosen menores aos previstos nos orzamentos estimados para cada unha das actuacións subvencionadas obxecto do presente convenio referidos na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento nas contías que sexan obxecto de xustificación. De conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, soamente deberán ser reintegradas ou, no seu caso, minoradas as achegas, polo importe que supere o custo total das actividades.

8. Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas nos orzamentos

estimados na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63.1. Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ata un 80 % sobre os primeiros 18.000 € e de un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 €.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Decreto que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. O importe conxunto dos pagamentos a conta e os pagamentos anticipados poderá superar o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados previa autorización do Consello da Xunta.

Para proceder ao seu pagamento, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago deberán enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

Conforme ao disposto no artigo 65.4.f) do citado Regulamento, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela están exentas da obriga de prestar garantía en pagamentos anticipados e á conta.

NOVENA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Catedral de Santiago deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que

establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia de Turismo de Galicia.

A Comisión actuará conforme ao previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación cos outorgamentos, cumprimentos, xustificacións e pagamentos, así como os reintegros e determinación das posibles responsabilidades relativas ás subvencións concedidas serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán

ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEGUNDA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa.

Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos> . Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

En canto aos datos persoais sobre os que a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela ostentan a condición de responsables do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente convenio, así como daqueles datos persoais aportados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos> . Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos> .

A Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela comprométense a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos acheguen á Axencia de Turismo de Galicia para dar cumprimento as referidas finalidades

DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o **31 de decembro de 2026**.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio

O director da Axencia de Turismo de
Galicia

O director xeral da Fundación Catedral de
Santiago e apoderado xeral da S.A.M.I.
Catedral de Santiago

D. José Manuel Merelles Remy

D.